

ALBERTO GARCÍA-ALIX. LA LÍNEA DE LA SOMBRA

392

[Nicolás Combarro, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 8 de xuño | V.O.

Alberto García-Alix. La línea de la sombra (2017, 82')

Dirección: Nicolás Combarro

Guión: Nicolás Combarro

Participación: Juana de Aizpuru, Miquel Barceló, Borja Casani, Ceesepe, Edi Clavo, Nicolás Combarro, Ana Curra, Antoine d'Agata, Gonzalo García Pino

Son: David García Díaz

Montaxe: Miguel Ángel Delgado, Juan Ugarriza

Música: David García Díaz

Fotografía: Miguel Ángel Delgado

Produtoras: TVE, Morelli Producciones (España)

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Extranjero de mí mismo, 2004

[curtametraxe]

Mi alma de cazador en juego, 2003

[curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Guadalajara 2018 (Mellor documental),

Premios José María Forqué 2018

(Nomeado a mellor documental),

Donostia 2017 (Nomeado ao premio

Novos Directores)

SINOPSE

Retrato dun dos fotógrafos máis importantes do panorama artístico español e referente de toda unha xeración. Un testemuño directo das luces e as sombras que Alberto García-Alix tivo que atravesar para encontrar o seu camiño.

«Apaixonante viaxe pola memoria visual e estética dun home cunha mirada que marca a nosa iconografía»

Juan Sardá, EL CULTURAL



ALBERTO GARCÍA-ALIX. LA LÍNEA DE LA SOMBRA

[Nicolás Combarro, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Quería que Alberto contase a súa propia historia”

Entrevista con Nicolás Combarro

Por Alfonso Rivera

García-Alix comeza o documental asegurando que hai algo que o fotógrafo non consegue atrapar nunca. Hai algo que ti non puideras atrapar neste filme?

Si, pero que non tiña cabida: deixas fóra moito máis do que ao final sae. Pero da idea de partida si conseguimos concentrar unha parte significativa, tanto da obra como do proceso vital de Alberto. Eu tiña moito interese en incidir niso. Estou contento do que puidemos atrapar, aínda que sempre se quedan cousas fóra.

O documental é un xénero moi vivo, a pesar do guion inicial, pois a realidade vaite levando por camiños inesperados. Houbo moitas modificacións desde a idea inicial ou o resultado se cingue bastante ao previsto? Cínguese bastante ao concepto orixinal. É verdade que no desenvolvemento suceden cousas pero eu tiña unha idea moi clara da historia que quería contar, que é a propia de Alberto: non invento nada, é case unha autobiografía. Pero fíxeme preguntas: Que parte da historia me interesaba? Como conduciría a conversa para chegar a eses puntos? E como acompañala coa obra? En esencia, no documental está a idea inicial.

Por que decidiches gravar en branco e negro (como son as fotos que fai Alberto) ou usar a súa voz en off? Hai un diálogo constante con Alberto: a ausencia de cor coa que el traballa, as calidades de imaxe moi cuidadas tamén, a diferenza é que a imaxe súa é moito máis construída e a nosa é máis espida, deixamos fluír a imaxe, aínda que controlo máis a narración. Danse esas diferenzas e coincidencias. E a súa voz lévanos a través do documental: para min non había outro xeito de facelo, quería que el mesmo nos contase a súa propia historia.

Ademais das súas temáticas habituais (drogas, motos, rock...), hai un salto importante a Valparaíso, onde García-Alix está a realizar un proxecto. Por que precisamente ese?

Queríamos retratar a Alberto nun traballo presente, non queríamos forzar unha situación de xeito artificial para o documental, así que decidimos acompañalo na súa segunda viaxe a Chile e regalounos unhas experiencias increíbles. El ten un imán para as persoas e as situacións únicas.

Que distingue a García-Alix doutros artistas? Como ben dis, Alberto transcende os formatos: fotografa, escribe, fai video e cinema, como un artista multidisciplinar. E logo a profundidade que ten, que hoxe en día é complicada de atopar na arte: hai unha fondura no discurso e unha sinceridade na mirada que me parecen únicas. Fan parte dunha forma de entender a arte e a vida. El di moito a frase: «Unha forma de ver é unha forma de ser».

Publicado en <http://cineuropa.org/>

“A vida como forma de arte (e viceversa)”

Por Diego Lerer

Alberto García Alix é un extraordinario e premiado fotógrafo que comezou a facerse un nome logo da caída do franquismo, coa renovación democrática, sempre dentro do underground e da *movida madrileña*, retratando de maneira franca, directa e bastante punk todo ese mundo e os seus personaxes con fotografías xeralmente en interiores e branco e negro.

Pero Alix non puido resistir as tentacións da época e o seu percorrido pola historia —a película organízase en función dunha serie de entrevistas gravadas en planos similares aos de moitas das súas fotos— é tamén un percorrido de adicións, programas de cura, recaídas, fuxidas, enfermidades e a necesidade e o impulso de supervivencia utilizando moitas veces a súa arte como terapia persoal.

O filme rexístrao na súa actualidade, onde se observa a mestura do profesional burgués e elegante cuxo innegábel pasado *hardcore* é imposible de obviar, e non só polas súas historias. Combarro deixa que sexan as súas fotografías (moitas delas autorretratos), os seus posteriores videos, a súa imaxe actual e a súa danada voz as que contén unha historia que, á vez, é a de parte dunha xeración que fixo da súa vida unha forma de arte (e viceversa) e que debe vivir coas súas consecuencias (as boas e as que non o son tanto) até agora.

Publicado en <http://www.micropsiacine.com>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Lo más cerca que estuve del paraíso
Alberto García-Alix. La Fábrica, 2010
Moriremos mirando, Alberto García-Alix
La Fábrica, 2008
Un horizonte falso, Alberto García-Alix
RM Verlag, 2014
Autorretrato / Self-Portraits,
Alberto García-Alix. La Fábrica, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

Fai
NUMAX!